

Día de la Paz



Centro educativo e lugar:

CEIP Andalucía

Córdoba

Fecha de realización:

30 de xaneiro 2020

Persoa de contacto:

Nuria Sendra Gutiérrez

Datos de contacto:

Tel. 635398103

nsendragutierrez@gmail.com

Contexto do centro, nivel educativo e perfil do alumnado:

O CEIP Andalucía é un centro de infantil e primaria situado no Distrito Sur de Córdoba. Unha das zonas desfavorecidas da capital.

Malia a contorna que rodea o centro, conta coa participación das familias, así como cunha motivación especial do profesorado. O absentismo non é tan alto como noutros colexios da zona. O centro forma parte da Rede de AMPA, Rede de Igualdade e Rede de Mozas/os do Distrito Sur, cunha implicación do centro no traballo coa contorna a través das distintas redes.

Breve descripción de la experiencia

En que consistiu?



O obxectivo da actividade era aproveitar a celebración do Día da Paz que se vén facendo todos os anos, mais facelo cun enfoque de Cidadanía Global. Para logralo, acordouse como lema “Melloramos o mundo para vivir en paz”, reflexionando sobre o mantemento e a mellora do noso medio.

Que nos propuñamos?



Un dos problemas cos que nos atopamos algunhas veces nos centros educativos é o exceso de actividades, o que supón que algunha delas acaben realizándose como actividades puntuais e con pouca implicación por parte da Comunidade Educativa. Con esta actividade pretendíase unificar e transversalizar actividades que estaban previstas, como o Día da Paz, pero traballando temáticas de interese que estaban dentro do noso Plan de Centro, como é o Medio Ambiente, e nas que participase toda a Comunidade Educativa.

Desde un enfoque da cidadanía global, concienciar sobre os efectos do noso comportamento no medio.

Profundar na importancia de coidar o noso planeta para construír a paz no mundo.

Que e como o fixemos?

Implicar a toda a Comunidade Educativa e facilitar ao alumnado de 6.º os espazos e momentos para que elas/es liderasen a actividade con sentido de responsabilidade e empoderamento.

Que logros conSeguimos?



Conseguimos que toda a Comunidade Educativa (alumnado, claustro e familias) se implicase na actividade.

Avanzamos coa sensibilización da situación a nivel global e local do medio ambiente e a súa repercusión a medio-longo prazo.

Integramos o estudo e coñecemento da contorna na práctica docente mediante unha actividade lúdica como a celebración do Día da Paz, de xeito que se transversalizase en todas as materias e niveis.

Que elementos da estrutura escolar e do contexto pensamos que foron un apoio ou un freo para conSeguir os logros?

Contamos co apoio de todo o claustro e as familias.

Que aprendizaxes e retos extraemos?



É imprescindible a participación de toda a Comunidade Educativa para a realización de actividades e a implicación do alumnado para a súa realización.

É importante integrar os enfoques de cidadanía global nas actividades que realicemos, conectando sempre o local co global, e que non queden en actividades puntuais.

Poder unificar actividades, facelas de maneira conxunta e extraer aprendizaxes facilita o traballo en rede.

Recursos ou materiais de apoio/ referencia



Recursos humanos: O alumnado de 6º o claustro e as familias participaron na organización e realización da actividade.

Materiais: Obxectos reutilizables como botes de zume, batidos, papel de aluminio dos bocadillos, *goma eva*, paus de madeira, tapóns...

Organización: O alumnado de 6º divídese en grupos e responsabilízase das actividades e de cada curso desde 1º a 5º de primaria.

Actividades e xogos:

- Video motivador
- Descontaminación da auga
- Descontaminación do aire
- Descontaminación da Terra
- Reutilización

Descrición das actividades:

- Video- Crónicas marcianas
- D. da auga- Importancia da auga. Limpieza de peixes mortos.
- D. do aire- Importancia de respirar aire limpo. Transporte saudable
- D. da terra- recoller lixo e reciclaxe en colectores axeitados.
- Reutilización- Bolsas de botes de zumes. Tragabolas de papel de aluminio

Lugares das actividades: Diferentes espazos do centro. Aula de proxección, areeiro, ximnasio, patio teitado, patio de deporte.

Duración: de 11:00 a 13:00 aprox.

Finaliza coa lectura do manifesto, coreografía da canción de Juanes "Amo la Tierra".